

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Organismo SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES

Capítulo	
Epígrafe	(Para inserir no «Diario Oficial de Galicia»)

SUMARIO:

ORDE do de outubro de 2020 de modificación da Orde do 31 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a atracción e retención de talento investigador na categoría de persoal investigador distinguido nas universidades do Sistema universitario de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020, como consecuencia da situación creada pola evolución da pandemia do COVID-19 (códigos de procedemento ED431H e ED431I).

TEXTO

Con data do 21 de febreiro de 2020 publicouse no DOG a Orde do 31 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a atracción e retención de talento investigador na categoría de persoal investigador distinguido nas universidades do Sistema universitario de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (códigos de procedemento ED431H e ED431I).

Como consecuencia da situación creada pola evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, e ante a declaración da Organización Mundial da Saúde (OMS) como pandemia, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, co obxecto de garantir os dereitos de todas as entidades participantes, suspenderon a tramitación destes procedementos, pola Orde do 13 de marzo de 2020 (DOG Núm. 55, do 20 de marzo de 2020).

Pola Resolución do 12 de maio de 2020 (DOG Núm. 96, do 19 de maio), acordouse a continuación da tramitación dos procedementos ED431H e ED431I desta convocatoria.

Este período de suspensión dos procedementos obriga a un aprazamento na resolución e no comezo dos contratos sobre o establecido na Orde do 31 de decembro de 2019, polo que cómpre modificar a convocatoria para adaptala á situación actual.



En consecuencia, e no uso das atribucións que teño conferidas,

ACORDO:

Artigo único. *Modificación da Orde do 31 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a atracción e retención de talento investigador na categoría de persoal investigador distinguido nas universidades do Sistema universitario de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (códigos de procedemento ED431H e ED431I).*

1. Modifícase o penúltimo parágrafo do artigo 14, que queda redactado da seguinte maneira:

“A data para a sinatura dos contratos será o 15 de novembro de 2020, agás para os casos de aprazamento da incorporación ata un máximo de catro meses desde a resolución de adxudicación das axudas.”

2. Modifícase a alínea 3 do artigo 15 que queda redactada da seguinte maneira:

“3. A documentación indicada achegarase consonte a seguinte periodización:

Período de xustificación	Data límite de presentación
<p>1ª xustificación:</p> <p>Con esta xustificación libranse os fondos correspondentes aos complementos por persoa contratada dos contratos enviados, destinado a cada unha das entidades beneficiarias, correspondentes ao primeiro ano de contrato.</p>	15 de decembro de 2020
<p>2ª xustificación: mensualidades de novembro de 2020 a abril de 2021, ambos os meses incluídos.</p> <p>Con esta xustificación libranse os fondos correspondentes aos custos dos contratos e, no caso de aprazamento da incorporación, os fondos correspondentes aos complementos por persoa contratada dos contratos non enviados coa primeira xustificación, destinado a cada unha das entidades beneficiarias, correspondentes ao primeiro ano de contrato.</p>	30 de xuño de 2021
<p>3ª xustificación: de maio de 2021 a outubro de 2021, ambos os meses incluídos.</p>	15 de decembro de 2021
<p>4ª xustificación: de novembro de 2021 a abril de 2022, ambos os meses incluídos.</p> <p>Con esta xustificación libranse os fondos correspondentes aos custos dos contratos e aos complementos por persoa contratada, destinados a cada unha das entidades beneficiarias, correspondentes ao segundo ano de contrato.</p>	30 de xuño de 2022
<p>5ª xustificación: de maio de 2022 a outubro de 2022 ambos os meses incluídos.</p>	15 de decembro de 2022



Período de xustificación	Data límite de presentación
6ª xustificación: de novembro de 2022 a abril de 2023, ambos os meses incluídos. Con esta xustificación libranse os fondos correspondentes aos custos dos contratos e aos complementos por persoa contratada, destinados a cada unha das entidades beneficiarias, correspondentes ao terceiro ano de contrato.	30 de xuño de 2023
7ª xustificación: de maio de 2023 a outubro de 2023, ambos os meses incluídos.	15 de decembro de 2023
8ª xustificación: de novembro de 2023 a abril de 2024, ambos os meses incluídos. Con esta xustificación libranse os fondos correspondentes aos custos dos contratos e aos complementos por persoa contratada, destinados a cada unha das entidades beneficiarias, correspondentes ao cuarto ano de contrato.	30 de xuño de 2024
9ª xustificación: de maio de 2024 a outubro de 2024, ambos os meses incluídos.	15 de decembro de 2024
10ª xustificación: de novembro de 2024 ata a finalización dos contratos. Ademais da documentación indicada nas alíneas a), b), c), d), e) do punto 2 deste artigo, achegarase a documentación que se indica no punto 7 deste artigo que se ten que enviar coa última xustificación.	30 de xuño de 2025

3. Modifícase o primeiro parágrafo da alínea 2 do artigo 20, que queda redactado como segue:

“2. En ambas as dúas modalidades poderase adxudicar unha nova axuda de acordo coa prelación sinalada na lista de espera, sempre e cando a renuncia se produza antes do 1 de outubro de 2021. Para cubrir as renuncias seguirase a prelación das listas de espera definidas no artigo 10, tendo en conta que soamente poderán ser cubertas coas solicitudes da lista de espera da modalidade en que se produzan. A persoa substituta quedará suxeita ás mesmas condicións polo tempo restante de aproveitamento da axuda.”

4. Modifícase o cadro orzamentario do artigo 22, que queda da seguinte maneira:

Modalidade	Nº Axudas	Aplicación orzamentaria	Crédito (en euros)						Total
			2020	2021	2022	2023	2024	2025	
Atracción	10	10.40.561B.444.0	10.000,00	480.555,56	510.000,00	510.000,00	510.000,00	19.444,44	2.040.000,00
		10.40.561B.744.0	0,00	400.000,00	400.000,00	400.000,00	400.000,00	0,00	1.600.000,00
Total atracción			10.000,00	880.555,56	910.000,00	910.000,00	910.000,00	19.444,44	3.640.000,00
Retención	5	10.40.561B.444.0	5.000,00	240.277,78	255.000,00	255.000,00	255.000,00	9.722,22	1.020.000,00
		10.40.561B.744.0	0,00	100.000,00	100.000,00	100.000,00	100.000,00	0,00	400.000,00



Modalidade	Nº Axudas	Aplicación orzamentaria	Crédito (en euros)					Total	
			2020	2021	2022	2023	2024		2025
Total retención			5.000,00	340.277,78	355.000,00	355.000,00	355.000,00	9.722,22	1.420.000,00
Total			15.000,00	1.220.833,34	1.265.000,00	1.265.000,00	1.265.000,00	29.166,66	5.060.000,00

5. Modifícase o parágrafo 4 do artigo 3 do anexo I, que queda redactado da seguinte maneira:

“- Un total 40.000 euros anuais de axuda para o desenvolvemento da liña de investigación: 40.000 euros en 2021, en 2022, en 2023 e en 2024. Os gastos que se consideran elixibles son os que se indican no artigo 4.2 da convocatoria.”

6. Modifícase o parágrafo 4 do artigo 3 do anexo II, que queda redactado da seguinte maneira:

“- Un total 20.000 euros anuais de axuda para o desenvolvemento da liña de investigación: 20.000 euros en 2021, en 2022, en 2023 e en 2024. Os gastos que se consideran elixibles son os que se indican no artigo 4.2 da convocatoria.”

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa notificación.

Santiago de Compostela

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

Román Rodríguez González

INSÍRASE NO DOG

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

